



LIM – ANEXO


OUTRA FORMA DE ORGANIZAR AS CARPETAS DE TRABALLO

1.- POR QUE E NECESARIO ESTE ANEXO?

Ante os problemas cos que algúns vos atopades á hora de gardar un libro LIM e posteriormente abrilo noutro ordenador, cando non sabemos onde gardalo ou se cando o abrimos non aparecen as imaxes, inclúo este anexo que ofrece unha alternativa á forma en viñamos creando os libros LIM, e que evita estes problemas

2.- ANTECEDENTES:

Nas sesións do PFAC, para crear un LIM empregabamos una estructura de carpetas deste tipo:



Empregamos esta estructura, porque nos permitía ter clasificados os diferentes elementos do noso libro, e poder recuperalos se os borrabamos accidentalmente. Ademáis permitianos ter na “caperta publicado” o lim para poder levalo.

3.- O PROBLEMA DETECTADO:

O problema que detectei ó empregar esta estructura de carpetas é que daba lugar ós seguintes erros:

- non era posible, en ocasións abrir un libro gardado nun pen-drive e movido a outro ordenador
- ás veces non cargaban as imaxes
- non sabíamos onde gardar o proxecto do libro



4.- SOLUCIÓN ALTERNATIVA:

Para solucionar estes problemas, propónovos unha estructura de carpetas alternativa para empregar cos vosos libros, que impedirán que vos atopedes cos erros anteriormente citados.

Esto afecta únicamente ás carpetas e lugares onde gardaremos os arquivos, non a como se fai o libro, que se faría do xeito habitual.

Esta solución ten como desventaxa que, ó traballar na carpeta do noso LIM teremos tódolos arquivos mesturados, e non organizados como coa estructura por carpetas, co cal deberemos “navegar posteriormente” para atopar o libro creado.

5.- PASOS DO PROCESO:

Estos pasos modificaría as instruccións indicadas no manual nas páxinas 1 3 e 6.

- a) creamos **unha única carpeta para o noso libro**, supoñamos que a chamamos “animais”
- b) **dentro dela metemos, mesturados, tódolos sons e imaxes que vaimos a empregar.**
- c) **creamos un novo libro** (tal como se indica no manual) e **no directorio de recursos indicaremos a nosa carpeta**, (antes indicabamos a carpeta probas) e automáticamente aparecerán os nosos recursos no banco de recursos da esquerda.
- d) Elaboraremos o libro de forma habitual
- e) Para **gardar o libro LIM, gardarémolo dentro desa única carpeta** (que non terá ningunha carpeta no seu interior)
- f) Para **publicar o libro LIM, indicaremos como carpeta de destino a única carpeta que temos** (antes indicabamos a carpeta publicado), e como directorio de recursos indicaremos “recursos” se así o desexamos como viñamos facendo ata o de agora.

6.- UNHA VEZ PUBLICADO, ONDE ESTARÁ O MEU LIBRO:

Con esta outra estructura de carpetas, o libro que deberemos levar á aula será a “carpeta enteira” (non só a carpeta publicado como faciamos anteriormente).



Por outra banda o arquivo comprimido ZIP atoparémolo nesa única carpeta, mesturado cos demás, polo que deberemos buscalo (e non dentro da carpeta publicado como ata o de agora)

Por último atoparemos mesturados na nosa carpeta tódolos arquivos do noso libro, tanto de probas como publicados, polo que deberemos buscar o arquivo .html para ver o lim publicado (na outra forma estaba todo dentro da carpeta publicado)

7.- EN RESUMO:

Proba esta forma alternativa de traballar, e valora se che interesa ter o contido organizado (cos problemas que pode causar que indico no punto 3) ou ben telo todo mesturado, pero sen problemas de perdas de imaxes e poder levalo nun pen dun ordenador a outro sen problemas
